

RESOLUCIÓN DO 6 DE SETEMBRO DE 2013 DO PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (FUNDACIÓN TIC) POLA QUE SE CONVOCA E SE APROBAN AS BASES DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES DO PROXECTO TIC LUGO II, ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE – PROXECTO DE MOBILIDADE LEONARDO DA VINCI, CONVOCATORIA 2012.

A Fundación para o desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (Fundación TIC) e o Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE), firmaron un Convenio de Subvención que entrou en vigor o 17 de Decembro de 2012, para o desenvolvemento do proxecto TIC LUGO II enmarcado dentro do Programa de Aprendizaxe Permanente Leonardo da Vinci, convocatoria 2012, con número de convenio 2012-1-ES1-LEO02-48642.

Dita acción está contemplada no Plan de Actuación 2013 da Fundación TIC, aprobado polo padroado, no que o obxectivo 1.3 do mesmo fai referencia ás bolsas para a realización de prácticas en empresas ou en centros de formación noutros países da U.E.

Co desenvolvemento de dito proxecto a Fundación TIC quere apoiar a formación dos estudantes da Escola de Imaxe e Son a través da realización de prácticas profesionais, así como mellorar as súas competencias técnicas, lingüísticas e culturais, co obxectivo último dunha maior inserción laboral, ademais de ampliar as súas perspectivas profesionais.

O proxecto se levará a cabo en diferentes etapas como son: información e selección de 20 participantes, estancia de 12 semanas (dúas de curso lingüístico), prácticas profesionais nas empresas seleccionadas (10 semanas), tutela e seguimento do proxecto e das estancias, e avaliación e difusión dos resultados. As estancias formativas serán nas cidades de Belfast (Reino Unido), Padua (Italia) e Lisboa (Portugal).

Polo tanto, e para realizar unha adecuada execución do proxecto faise preciso proceder á selección dos participantes do TIC LUGO II e en uso das funcións que me confiren os estatutos reitores da mesma, como Presidente da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (Fundación TIC), RESOLVO:

1º Convocar o procedemento para seleccionar 20 mozos participantes no proxecto de mobilidade TIC LUGO II, enmarcado dentro do Programa de Aprendizaxe Permanente Leonardo da Vinci, convocatoria 2012.

2º.- Aprobar as bases que rexerán a selección de participantes do proxecto TIC LUGO II.

3º.- Aprobar o gasto por importe de VINTE CINCO MIL DOUSCENTOS EUROS (25.200,00 €).

3º.- Ordenar a súa publicación, no BOP, no taboleiro de anuncios da Fundación TIC, na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Lugo, 6 de setembro de 2013.- O SECRETARIO DO PADROADO, D. Francisco Javier Giménez Miralles. O PRESIDENTE DO PADROADO DA FUNDACIÓN TIC, P.D. Resolución do día 29-01-2013 A Patroa do Padroado, Dona. Regina Polín Rodríguez.

BASES PARA A SELECCIÓN DE PARTICIPANTES DO PROXECTO TIC-LUGO II PERTENCENTE Ó PROGRAMA DE BECAS EUROPEAS LEONARDO DA VINCI

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá o proceso de selección de 20 persoas beneficiarias do proxecto TIC LUGO II de axudas para estancias no estranxeiro coa finalidade formativa-profesional, a través da realización de prácticas en

empresas de Italia, Portugal e Reino Unido, no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente - Proxecto de Mobilidade Leonardo da Vinci.

As devanditas estancias teñen como fin prioritario conseguir a especialización profesional dos beneficiarios aumentando as súas posibilidades de inserción no mercado laboral, permitíndolles adquirir novas habilidades e aptitudes profesionais.

2. PUBLICIDADE

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Fundación TIC, na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

3. PARTICIPANTES

O número total de participantes é de 20.

4. ESTANCIAS

4.1. O número de estancias que se convocan é o seguinte:

- 5 para prácticas profesionais na cidade de Padua (Italia).
- 5 para prácticas profesionais na cidade de Lisboa (Portugal).
- 10 para prácticas profesionais na cidade de Belfast (Reino Unido).

Con carácter excepcional, o número de estancias poderá variar en función dos posibles rexeitamentos de perfís académicos/profesionais dos participantes, por parte dos organismos intermediarios e organismos de acollida dos diferentes países de destino, do que a Fundación TIC non se fai responsable.

4.2. A duración das estancias será de doce semanas, correspondendo as dúas primeiras á realización dun curso de idiomas que mellore as competencias dos participantes e lles axude na súa adaptación á cidade de acollida. Tras estas dúas semanas, os participantes levarán a cabo dez semanas de prácticas profesionais en empresas do sector audiovisual. O inicio das estancias prevese a partir do mes de xaneiro de 2014.

4.3. Durante a súa estancia nos países de destino, as persoas beneficiarias contarán cun titor, que fará un seguimento continuado da súa formación co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

4.4. As prácticas nas empresas do país de destino non darán lugar a percibir ningunha remuneración nin constituirán relación laboral de ningún tipo con elas, nin coa Fundación TIC.

5. AXUDAS

5.1. As axudas para a realización de prácticas correspondentes ao Proxecto TIC LUGO II, baseándose nas condicións establecidas polo Programa Leonardo da Vinci, corresponden aos seguintes conceptos:

- Viaxe de ida e volta.
- Desprazamento desde o aeroporto e/ou estacións de autobuses ou tren, ata o aloxamento no país de destino.
- Aloxamento no país de destino.
- Transporte local (en función do país de destino).
- Seguro de asistencia en viaxe.
- Preparación lingüística no país de destino.
- Titorización das prácticas profesionais nas empresas do país de destino.

- Xestión dos certificados oficiais correspondentes.
- Busca de empresas para a realización das prácticas profesionais.
- Dotación económica de 450 € en total.

5.2. A xestión e contratación do seguro será a cargo da Fundación TIC.

5.3. O importe para gastos de aloxamento, así como para a preparación lingüística, titorización, busca de empresas, e preparación dos distintos certificados serán xestionados directamente pola Fundación TIC en colaboración coas organizacións intermediarias nos países de destino.

5.4. A dotación económica de 450 euros xunto coa dotación destinada ao transporte local e a viaxe e transfer (desprazamentos desde os aeroportos e estacións) de ida e volta, que variarán en función do país de destino, será aboada pola Fundación TIC á persoa beneficiaria antes da súa saída ó país de destino, de acordo coa seguinte táboa:

PAÍS DE DESTINO	IMPORTE DOTACIÓN PARA TRANSPORTE LOCAL POR BENEFICIARIO	IMPORTE DOTACIÓN ECONÓMICA	IMPORTE DOTACIÓN PARA TRANSFER (IDA E VOLTA)	IMPORTE DOTACIÓN PARA VIAXE (IDA E VOLTA)	IMPORTE TOTAL A PERCIBIR POLO BENEFICIARIO
Italia	130 €	450 €	70,00 €	500,00 €	1.150,00 €
Portugal	180 €	450 €	100,00 €	400,00 €	1.130,00 €
Reino Unido	250 €	450 €	80,00 €	600,00 €	1.380,00 €

Os beneficiarios deberán acreditar obrigatoriamente:

1. A realización da viaxe mediante a presentación dos correspondentes billetes de avión, autobús, tren, etc. ou calquera outro medio de transporte utilizado, así como o xustificante de pagamento de cada un dos medios utilizados (facturas, tickets, etc.).
2. A utilización do transfer desde o aeroporto, estación, etc. ata o lugar de aloxamento no destino, así como o xustificante de pagamento de cada un dos medios utilizados (facturas, tickets, etc.).

No caso de que non se presente polo beneficiario a documentación requirida nos parágrafos anteriores, éste deberá reembolsar á Fundación TIC o importe íntegro da contía correspondente á viaxe e transfer de ida e volta.

Se o importe da viaxe e do transfer de ida e volta, efectivamente pagado polo beneficiario, fora inferior á dotación que ó efecto entrega a Fundación TIC, a contía restante entenderase que incrementa o importe da dotación económica efectuada ó beneficiario.

Asemade, poderáselles requirir pola Fundación TIC, a documentación necesaria para proceder ao pagamento da devandita bolsa e estarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos competentes de conformidade coa lexislación aplicable, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino da axuda.

5.5. A formalización de cada unha das axudas realizarase mediante a sinatura dun contrato por parte da persoa beneficiaria, o promotor e o socio intermediario no país de destino, de acordo cos modelos normalizados e nos termos establecidos polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OPAEE).

6. REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán concorrer á concesión das estancias formativas do Programa TIC LUGO II as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou nacionais doutros países con residencia legal e permanente en España.
- b) Ter finalizado nos últimos seis anos (2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013) os estudos de produción ou realización na Escola de Imaxe e Son da Fundación TIC.
- c) Estar empadroado en calquera dos concellos da provincia de Lugo.
- d) Ter un nivel mínimo de coñecemento do idioma inglés equivalente a B1, que corresponde ao nivel chamado de “supervivencia” en lingua estranxeira, e que ademais é o esixido ós titulados no Espazo Europeo de Educación Superior.
- e) Ter unha idade menor de 35 anos (idade máxima de 34 anos).
- f) Estar en situación de desemprego.
- g) Non ter sido beneficiario anteriormente dunha axuda do Programa Leonardo da Vinci.
- h) As demais establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, e aplicables no presente caso.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

7.1. Solicitudes e documentación anexa

As solicitudes formalizaranse no modelo oficial (Anexo I), dispoñible na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, así como nas oficinas da Fundación TIC.

Ás solicitudes acompañarase a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión.
2. Certificado ou volante actualizado de empadramento expedido polo Concello correspondente, no que se acredite que a data de empadramento é anterior á publicación das bases no BOP.
3. Fotocopia do título académico ou do pagamento do depósito, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión.
4. Documentación acreditativa dos méritos: Copia autenticada da/s titulación/s. Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que a xuízo da Comisión de Valoración Técnica non estean suficientemente acreditados.
5. Curriculum Vitae actualizado no formato europeo en español e inglés (Anexos II e III).
6. Fotocopia compulsada da Tarxeta de Demanda de Emprego, expedida pola Oficina de Emprego correspondente ou Informe de Vida Laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
7. Declaración responsable de non ser beneficiario doutra axuda do Programa Leonardo da Vinci, de posuír un nivel mínimo de coñecemento do idioma inglés equivalente a B1, e de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (Anexo IV).

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nas bases.

7.2. Lugar de presentación

A solicitude, xunto coa documentación adicional requirida, deberá presentarse conforme aos modelos oficiais que figuran nos Anexos I, II, III e IV, no Rexistro da Escola de Imaxe e Son de Lugo - Fundación TIC ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

No caso de envío por correo ou presentación da solicitude en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRPAC, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día á Fundación TIC, a remisión da solicitude de inscrición, por correo electrónico no enderezo: victoria.eis@fundaciontic.org. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude de inscrición se é recibida con posterioridade á data e á hora de terminación do prazo.

O Rexistro da Escola de Imaxe e Son de Lugo – Fundación TIC, sita na rúa Frei Plácido Rei Lemos, s/n – 27004, ten horario de 9:00 a 14:00 h, de luns a venres.

7.3. Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

7.4. Notificacións

De acordo co disposto no artigo 59.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os anuncios que se realicen no presente procedemento faranse mediante publicación no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC, na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

7.5. Solicitudes defectuosas

As solicitudes presentadas en prazo pero que sufran algún defecto subsanable polos interesados, poderán ser admitidas, de forma condicional. Os interesados terán un prazo de 3 días naturais para subsanar ou mellorar a solicitude.

Se transcorrido dito prazo non se producira a subsanación, quedarán excluídos do procedemento. En calquera caso o prazo de subsanación expresado non suspenderá a realización do resto dos trámites.

8. COMISIÓN DE VALORACIÓN TÉCNICA

8.1. Composición da Comisión

A avaliación das solicitudes realizarase por unha Comisión de Valoración Técnica constituída ao efecto, que estará integrada por tres membros:

- Presidente: A Directora da Fundación TIC ou persoa en quen delegue.
- Secretario: o Secretario da Fundación TIC ou persoa en quen delegue.
- Vogal: un docente da Escola de Imaxe e Son de Lugo.

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes. Todos os membros do tribunal terán voz e voto.

O nomeamento dos membros da Comisión de Valoración Técnica realizarase por Resolución do Presidente do Padroado da Fundación TIC, debendo posuír, en calquera caso, nivel académico igual ou superior á esixida para o acceso á presente convocatoria.

8.2. Incorporación de asesores e persoal de colaboración

A Comisión de Valoración Técnica poderá dispoñer a incorporación de asesores naqueles traballos que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores.

9. SISTEMA DE SELECCIÓN

9.1 Proba de coñecemento

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC, na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org a listaxe de aspirantes admitidos e a convocatoria dos mesmos para a realización dunha proba de coñecemento.

Esta proba de coñecemento consistirá na realización por escrito dun cuestionario tipo test de 20 preguntas, no que se valorarán os coñecementos do aspirante no sector audiovisual, así como o coñecemento do programa Leonardo da Vinci e doutros proxectos europeos vinculados á Fundación TIC e a Deputación de Lugo.

A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos.

Os aspirantes seleccionados serán os 40 candidatos que obteñan as maiores puntuacións na proba.

En caso de empate, seleccionárase ós aspirantes por orde alfabético do primeiro apelido (dende a A á Z).

Unha vez valorada a proba de coñecemento, publicarase a listaxe de aspirantes seleccionados coas súas puntuacións, no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC, na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Calquera incidencia que se produza durante esta fase será comunicada por correo electrónico ó interesado, debendo este responder nun prazo máximo de dous días naturais. No suposto de que non se produza ningunha comunicación por parte do interesado, entenderase que rexeita a posibilidade ofertada pola Fundación TIC.

9.2. Baremo de méritos

A Comisión Técnica de Valoración realizará a baremación dos méritos acreditados dos aspirantes que superaron a proba de coñecementos.

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 5 puntos, cos seguintes criterios de valoración:

- a) Nota media do expediente académico (máximo 3 puntos).

NOTA MEDIA	PUNTUACIÓN
DE 5,00 A 5,99	0,00
DE 6,00 A 6,99	0,50
DE 7,00 A 7,99	1,00
DE 8,00 A 8,99	2,00
DE 9,00 A 10,00	3,00

No caso de que algún candidato teña as dúas titulacións terase en conta para este apartado a da nota media mais alta.

- b) As restantes titulacións, de igual ou superior nivel, computarán como máximo 2 puntos.

Titulacións do mesmo nivel: 0,25 puntos

Titulacións de nivel superior: 0,50 puntos

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate de prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez realizada a baremación dos méritos, publicarase no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC, na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org a listaxe dos candidatos que superaron esta fase e que pasarán á seguinte fase da selección, consistente nunha entrevista persoal.

Os aspirantes seleccionados serán os 30 candidatos que obteñan as maiores puntuacións na proba.

No caso de empate, terase en conta a nota media do expediente académico.

Calquera incidencia que se produza durante esta fase será comunicada por correo electrónico ó interesado, debendo este responder nun prazo máximo de dous días naturais. No suposto de que non se produza ningunha comunicación por parte do interesado, entenderase que rexeita a posibilidade ofertada pola Fundación TIC.

9.3. Entrevista persoal

Os candidatos que pasen a esta fase deberán realizar unha entrevista que terá como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos e formación acreditada no currículo, en relación co contido das prácticas que se van realizar.

Unha parte da entrevista persoal realizarase no idioma inglés, para acreditar que se posúe capacidade lingüística suficiente para poder desenvolverse no contorno dos países de destino.

A entrevista versará sobre o grao de formación xeral e técnica, na que se valorará principalmente a aptitude e a actitude para as prácticas convocadas, así como a capacidade lingüística en inglés.

A entrevista persoal terá unha puntuación máxima de 5 puntos.

9.4. Cualificación final

A cualificación final (máximo de 20 puntos) virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na proba de coñecemento, na fase de baremo de méritos e na fase da entrevista persoal.

No caso de empate, terase en conta (por esta orde): proba de coñecemento, baremo de méritos e entrevista persoal.

9.5. Proposta de selección e resolución

Unha vez determinada a cualificación final, a Comisión de Valoración Técnica do Proxecto TIC LUGO II propondrá a listaxe de persoas seleccionadas como beneficiarias e a listaxe de reserva en función da súa cualificación final ao Presidente do Padroado da Fundación TIC, quen resolverá.

A resolución que poña fin ao procedemento de selección deberá expresar as persoas beneficiarias das estancias formativas, designando ademais suplentes, en orde de prioridade.

Asemade, e de conformidade co artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase a relación das subvencións concedidas nos termos do artigo referido.

10. ACEPTACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

No prazo de 5 días naturais seguintes ao da publicación da resolución, as persoas beneficiarias deberán comunicar por escrito á Fundación TIC a súa aceptación.

Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase como renuncia e recorrerase á lista de reserva.

Así mesmo, os aspirantes seleccionados deberán achegar no mesmo prazo a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta sanitaria europea.
- 2 fotos tamaño carné.
- Condicións xerais do programa asinadas.
- Formulario de aloxamento.
- Formulario de prácticas.

11. DESIGNACIÓN DE DESTINOS E EMPRESAS DOS BENEFICIARIOS

A designación das cidades para a realización das prácticas profesionais darase a coñecer ós aspirantes seleccionados e que aceptaran participar no proxecto TIC LUGO II, a través da publicación dun anuncio no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC, na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, así como as distintas posibilidades nos países de destino.

A designación das empresas nas que se efectuarán as prácticas decidirse en colaboración cos socios intermediarios do Proxecto TIC LUGO II, á vista do perfil das persoas seleccionadas e preferentemente con carácter previo á partida das persoas beneficiarias.

Os países de preferencia sinalados na solicitude (Anexo I) polos beneficiarios, non serán en ningún caso vinculantes senón orientativos á hora da búsqueda da empresa, intentando na medida do posible respetar ditas preferencias.

A Fundación TIC non se responsabiliza dos posibles rexeitamentos de perfís académicos/profesionais dos beneficiarios, por parte dos organismos intermediarios e organismos de acollida dos diferentes países de destino.

12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As persoas beneficiarias do programa TIC LUGO II deberán:

- Seguir as normas da organización de acollida, respectar os seus horarios de traballo, os regulamentos en vigor e as disposicións legais relativas ao segredo profesional.
- Informar previamente e no prazo máximo de 5 días naturais á Fundación TIC no caso de renunciar ás prácticas por causas maiores. Serán a cargo do beneficiario os gastos nos que incorra durante o seu período de estancia no caso de regreso voluntario non xustificado.
- Asumir os gastos que non se atopen subvencionados no marco destas estancias.

- Asistir ás reunións de preparación que se establezan e realizar a preparación lingüística estipulada no marco da estancia.
- Elaborar e introducir na aplicación informática establecida polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos o informe ou memoria de estancia realizada nun prazo non superior a dúas semanas tras a súa finalización.
- Cumprir co programa de traballo previsto consensuado entre a Fundación TIC, o organismo intermediario e o organismo de acollida.
- Comunicarlle ao titor e á Fundación TIC calquera incidencia que se produza durante o período de prácticas.

13. RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES NO TRANCURSO DAS PRÁCTICAS.

A renuncia á bolsa por parte do beneficiario unha vez iniciado o goce desta, deberá ser comunicada mediante o correspondente escrito á Fundación TIC, segundo a base anterior. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non disfrutada. Ademais, esixirase o reembolso de tódolos gastos efectuados pola Fundación TIC en relación a tódalas actividades contempladas na bolsa.

O persoal técnico e facultativo que coordine e dirixa aos beneficiarios poderá propoñer á Fundación TIC a revogación das bolsas por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas, con base nun informe debidamente motivado, podendo anular os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houbera, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

A adxudicación da bolsa será igualmente revogada total ou parcialmente no caso de que se comprobara que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

14. RECURSOS

A resolución da adxudicación pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e contra ela cabe interpor recurso de reposición no prazo dun mes desde a notificación ante o mesmo órgano ou ben, recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á publicación referida ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo.

A resolución que pon fin ao procedemento de selección farase pública para os efectos de notificación ás persoas interesadas, así como calquera outra notificación ou requirimento, a través do Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC, na páxina web www.fundaciontic.org e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, dando cumprimento así ao disposto no artigo 59.6b) e 60 da Lei 30/92, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1. Financiamento

As bolsas convocaranse con cargo aos Orzamentos da Fundación TIC Lugo, polo importe de 25.200,00 € para o ano 2013.

2. Réxime Xurídico

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases, aplicarase a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e supletoriamente a Lei 30/92 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ; o Real



Decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións ; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Excm. Deputación de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo; as Bases de execución do Orzamento e a Normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación de Lugo vixentes no momento da concesión, así como a restante normativa vixente que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Autorízase ao órgano competente da Fundación TIC para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde e o inicio da presente convocatoria.

As disposicións aquí contidas entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

En Lugo, a 6 de setembro de 2013. O SECRETARIO DO PADROADO, D. Francisco Javier Giménez Miralles. O PRESIDENTE DO PADROADO DA FUNDACIÓN TIC, P.D. Resolución do día 29-01-2013 A Patroa do Padroado, Dona. Regina Polín Rodríguez.